



Concello de
OURENSE




XUNTA
DE GALICIA

**Carlos
Casares**

LETRAS GALEGAS 2017

ROTEIRO CARLOS CASARES






INTENCIÓNS

Lembrar a Carlos Casares na súa cidade de orixe neste 2017.

Potenciar o destino Ourense, cidade literaria.


Ofrecer aos docentes e estudantes de literatura galega un material de traballo.

Satisfacer a amantes do turismo cultural e da literatura.



OUTROS POSIBLES

LIMIA: XINZO, LAMAS, SABUCEDO, LAGOA, TRANDEIRAS
RIA DE VIGO: CANGAS, VIGO, PANXÓN, VILARIÑO, BAIONA...




O roteiro literario **Carlos Casares en Ourense** pretende ser un diálogo entre o autor, a súa obra e a cidade que o viu nacer.

Para iso, seleccionamos unha serie de puntos da cidade relacionados dalgún xeito coas súas obras e extraemos delas fragmentos evocadores que complementamos con ilustracións gráficas e que imprimimos en cadansúa placa cerámica tamaño DIA A 4.

O percorrido, duns dous quilómetros, desde o **Parque de San Lázaro á Praza Maior**, complementase cuns folletos que se recollen na Oficina de Turismo de Ourense onde en 24 páxinas se recollen os textos íntegros e fotos de todos os paneis, así como o plano de distribución deles e unhas indicacións de conversa para guiar a charla do profesor-guía. O paseo urbano debería durar **unhas dúas horas**.

As placas 19 e 20 (no Seminario Menor e en Beiro), precisan desprazamento en bus, e en calquera caso, están no folleto recollidas.



INFORMACIÓNS ÚTILES



Concello de
OURENSE



XUNTA
DE GALICIA

**Carlos
Casares**
LETRAS GALEGAS 2017

OFICINA DE TURISMO Rúa Isabel a Católica 2, tlfno 988 366 064)

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN Praza San Martiño nº 2 - 1º Telf +34 988 388 136.

FUNDACIÓN CARLOS CASARES, Rúa do Porto, 1, 36201 Vigo, Telf +34 986 17 19 41


Lugar ideal de baixada do autobús, Parque de San Lázaro.

Lugar ideal de subida ao autobús, Intercambiador detrás Alameda.

O percorrido pódese dividir en dúas partes, facendo un alto no Liceo de Ourense –Rúa Lamas Carvajal 5, tlfno 988 22 06 50, onde está a placa 10. e onde se pode tomar un café ou encargard previamente xantar para grupos.

Como o percorrido é polo centro de Ourense, zona de viños incluída, é fácil topar sitios para xantar.

En Ourense hai moitas actividades posibles que complementen (Roteiro da Esmorga, visita Centro de Intrepretación das Burgas, locais de exposicións do concello –Museo Municipal, rúa Lepanto-Claustro de San Francisco, Abanca na Praza Maior, e Centro Marcos Valcárcel da Deputación -rúa Cruz Vermella-, escapadiña ás termas da Chavasqueira ou de Outariz, San Cibrán de Las... etc.




Como?

Placas na rúa.

Folleto e PDF.

Formación profesores, guías...

App?



COMO SON AS PLACAS ?

Cermánicas A3

Identificación


Texto de obra








Referencia

Imaxe sepia

Logos

Indicación foto






La Región

Á Marxe do tempo
Unha selección das columnas de Carlos Casares
en La Voz de Galicia






Cantas?

18 no núcleo urbano.

1 no Seminario menor

1 en Beiro.




Onde van?

13 en fachadas

6 soportes en parques

1 interior edificio.



Distancias?


Circuíto urbano 2,000 metros (18 placas)

- a) Ata o Liceo 1,300 m (10 placas)
- b) Cidade vella, 700 m (8 placas)

Seminario Menor, a 2,500 m. (1 placa)

Beiro, a 9 km. (1 placa)





Concello de
OURENSE



XUNTA
DE GALICIA


Carlos
Casares

LETRAS GALEGAS 2017


LOCALIZACIÓN DAS PLACAS



- 19 Seminario Menor A Inmaculada
- 20 Igrexa e reitoral de Beiro



PERCORRIDO



Dialogo coa obra

Localización: Parque de San Lázaro.

Os inicios do escritor.

A tertulia de Vicente Risco

Un país de palabras,

Ensaio de memoria, a a devoción
pola palabra e as persoas.





ROTEIRO CARLOS CASARES


Era daquela Vicente un velliño pequeno e cegato, miúdo de corpo, case octoxenariano, aínda que mentalmente moi lúcido. Polas tardes, a iso das tres, chegaba ao Café Parque de Ourense, onde tiña a súa tertulia nos últimos anos da súa vida. [...] Como en todas as reunións informais destas características, os temas das conversas eran moi variados. Había quizais unha tendencia acusada a falar de arte, debido á presenza nutrida de pintores e escultores que escoitaban a Risco con atención, pois era moi aberto e sentía curiosidade por calquera tendencia experimental ou renovadora, ademais de que coñecía moi ben a historia da arte moderna.

(*Un país de palabras*, 1998)



Tertulia de Vicente Risco no Hotel Parque





Dialogo coa obra

Localización: Esquina Av. Habana-C. Quevedo

As familias de procedencia: Xinzo, O Freixo, Ourense, Lamas, Sabucedo, Beiro....

Cristina e a familia construída.

A Fundación Carlos Casares

Os inicios da colaboración na prensa.

La Región 1968.



2

ROTEIRO CARLOS CASARES



Hai uns meses, en Suecia, a miña muller e os seus pais planearon unha fin de semana na Unión Soviética (concretamente en Leningrado) que por culpa miña non puideron realizar.


Cando xa estaba todo a punto e faltaban só unhas horas para ir ao aeroporto, eu dixen que non ía, ou mellor dito, que non podía ir. Ao principio creron que se trataba dunha broma ou algo semellante, pero en canto insistín enerxicamente, déronse conta de que a cousa ía en serio. De repente, lembrara que no meu pasaporte especificaba a súa validez para todos os países do mundo excepto para a URSS e algúns máis. Fíxennles saber o feito e como non mo crían, tivenlle que amosar a páxina correspondente [...].

(«Los subdesarrollados europeos», *La Región*, 9 de xuño de 1972)



Con Cristina Berg, no Magosto de Ourense, 1972





Dialogo coa obra

Localización: R. Curros Enríquez.

A musa da historia, Clío.

As vidas como materia literaria.

Os escuros soños de Clío:

Entre Borges e Cunqueiro

Biografías de personaxes para a conciencia: Curros, Sarmiento...



3




ROTEIRO CARLOS CASARES


Pero un día, ao chou, cando andaba buscando datos para un traballo sobre Curros Enríquez na biblioteca de Rey Soto, cosido a un mazo de exemplares do periódico *O Tío Marcos da Portela* atopei un pequeno folleto manuscrito titulado: *Malventuras de don Luís Meruéndano del Campo, condenado a morte e salvado nas últimas por intercesión do Perello, e morto na cama moitos anos despois de mal da alma*, por Farruco Paz, licenciado en Dereito.

(*Os escuros soños de Clío*, 1979)



Manuel Curros Enríquez (Celanova 1851 - La Habana 1908)





Dialogo coa obra

Localización: Fachada Franciscanos

Os mortos daquel verán

Novela sobre os sucesos revolucionarios de 1934 e as consecuencias posteriores.

Ecos orais na nenez limiá.

Inversión formal de “A Esmorga”.

Só expediente formal.



4




ROTEIRO CARLOS CASARES


Confesou Pampín González ter sido el un dos defensores dos seus antigos compañeiros inxustamente escarnecidos, dándose a circunstancia de que un deles, o Manuel Touza Rodríguez, morto en accidente no segundo forno en vésperas do desencadeamento dos sucesos revolucionarios, era amigo de seu desde que os ámbolos dous serviran xuntos no cuartel de San Francisco, na cidade de Ourense, e que por esa razón se lle revolverán os figados ao se enterar da noticia de que morrera abrasado, deixando muller sen posibles e tres fillos inocentes, sumándose entón dun xeito espontáneo á convocatoria da Folga Xeral Revolucionaria en protesta pola falta de seguridade; pero que non era certo que formase parte do piquete que se presentou na casa rectoral o primeiro día da folga pola noite co criminal propósito de deter ou secuestrar ao señor curra párroco...

(Os mortos daquel verán, 1987)



Igrexa de San Francisco antes do seu traslado ao Parque en 1928





Dialogo coa obra

Localización: Ao lado fonte do Parque de San Lázaro

A tradición da literatura urbana en Ourense.

De Valentín Lamas Carbajal a hoxe.

Cambio en tres, a novela máis experimental e ourensá de Casares.

A emigración a Europa e o desacougo dos sesenta



ROTEIRO CARLOS CASARES




-Agarda que vou beber á fonte do Parque.


A auga está quente, puro caldo, pero ela non se dá conta porque o Cachorro di: «Oe Pila, imaxínate se viñésemos unha noite ata aquí con dez ou quince paquetes de deterxente, e deixarllos caer no estanque da fonte ¿eh?, que barullo de escuma se armaría, seguro que chegaba máis alá dos Salesianos...».

(*Cambio en tres*, 1969)



Fonte do Parque de San Lázaro, na década dos 60





Dialogo coa obra

Localización: Rúa do Paseo. Tanco.

“Á marxe” en *La Voz de Galicia*.

1992-2002

A engaiolante narración do cotián.

A sedución da imaxinación.



6

ROTEIRO CARLOS CASARES




Nos meus anos de estudante en Ourense, alá pola década dos cincuenta, había unhas néboas tan densas que impedían ver un burro a poucos pasos. Non estou usando ningunha hipérbole. Ás veces tiñamos que interromper os partidos de fútbol porque resultaba imposible saber que sucedía na portería contraria ou adiviñar por que parte do campo andaba o balón. Mesmo na rúa do Paseo, no centro da cidade, resultaba imposible distinguir os amigos ata que se atopaban a uns poucos metros de distancia. E desde o alto do Montealegre ou de Ervedelo, non se vía outra cousa que un mar de néboa espesa, como se debaixo non houbese nada.


O feito de que tivesen que interromper os partidos de fútbol non me gustaba, pero o espectáculo de ir pola rúa, vendo como a xente aparecía de súpeto, como se saíse ás atoufiñas dun mundo de pantasmas, parecíame excitante e marabilloso. Lector contumaz de Sherlock Holmes, non me custaba moito deixar que a imaxinación construíse pequenos contos, historias imposibles, novelas de medo.

(«Néboa», Á marxe, *La Voz de Galicia*, 24 de outubro de 1998)



Ourense, baixo a néboa





Dialogo coa obra

Localización: Paseo. Antigo Hotel Miño. Hoxe Decatlón.

As tertulias e os amigos vellos e novos. De Julio Losada a Marcos Valcárcel.

Os escritores que marchan, os artistas que quedan.

As anécdotas humorísticas como fío de atracción no xornalismo casariano.






ROTEIRO CARLOS CASARES


Había en Ourense un señor, alá polos anos setenta, boa persoa e moi ben educado, que tiña a mala sorte de caerlle mal a Pepe Suárez, o famoso fotógrafo nacido en Allariz. [...] Unha noite, estando sós Pepe e mais eu no desaparecido Café Miño, pregunteille con toda a cautela do mundo, para non provocar nel unha explosión de furia, pola razón daquela antipatía. A miña sorpresa foi grande porque tiña sospeitas de que a cousa viña da política, pois para Pepe ese era un motivo frecuente de animadversión contra todo aquel que non fose republicano, que non admitise a supremacía intelectual de Unamuno, amigo seu, sobre calquera outro intelectual español ou que non odiase a Franco arrebatadamente. Feita a pregunta, Suárez, que estaba tomando un té, quedou un momento coa taza no aire e díxome sen irritación de ningunha clase: «Ese individuo é a persoa que sabe máis cousas inútiles de toda Europa. Estou seguro que, se llo preguntas, coñece o nome do inventor da salchicha». Logo acabou o seu té e seguiu falando de outros asuntos.

(«Inútil», Á marxe, *La Voz de Galicia*, 25 de xaneiro de 2000)



Foto de Xosé Suárez (Allariz 1902 - A Guarda 1974)





Dialogo coa obra

Localización: Paseo. Antigo Apolo.
Springfiel.

Ilustrísima:

Crónica do desacougo dun bispo liberal rodeado dunha curia reaccionaria. A inspiración no arcebispo Enrique Pérez Serantes.

O difícil nacemento do mundo moderno ante as inercias.



8

ROTEIRO CARLOS CASARES



Xa as portas do Cine Barbagelata estivo a punto de renunciar. A cantidade de xente que entraba, o ruído do piano que alguén tocaba dentro, o barullo pegadizo e quente que saía pola porta en tufaradas mareantes fixeron enfraquecer unha miga a súa firme vontade. Pensou no escándalo que se podía armar se alguén o identificaba, na lenda que se encargaría de deformar a realidade, na oportunidade que lle ía servir en man aos seus inimigos. Para evitar que medraran as dúbidas e a indecisión se transformara en medo, botou a andar en dirección á porta. Parouno un homiño extremadamente delgado, case esquelético, con grandes mostachos engomados e perilla romántica:


—Signore, son cinco céntimos —díxolle saíndo ao seu paso.

(Ilustrísima, 1980)



Eduardo Barbagelata Mucci, pioneiro do cine en Ourense





Dialogo coa obra

Localización: Alameda

Memorias de nenos imaxinados nunha cidade imaxinada.

Os biosbardos de EBA.

O Suso de XLMF

Vento ferido

A galiña azul. Literatura para nenos de CC.

O principiño e outras traducións.






9


ROTEIRO CARLOS CASARES

O baile segue. Ela, sentada, nun banco de pedra na Alameda, soa, non ve a ninguén. Chegou esta mañá ben cedo. Agardábana os tíos na estación. Pasou o día espiando vellos detalles: a tecla do piano que daba un son a pau que lle limaba os dentes. Aquel periódico do ano 1912 que gardara alguén ¡quen sabe cando! na páxina 12 do dicionario latino de Raimundo de Miguel.

(Vento ferido, 1967)



Alameda, 1920



Dialogo coa obra

Localización: O Liceo de Ourense, casa da Palabra, medalla de honra.

A memoria de Ourense do XIX, investigada

Os personaxes divertidos, extravagantes ou “disparatados”.

Xan da Cova: O pirandárgallo, o Trampitán, e a creación dos referentes ourensáns.



ROTEIRO CARLOS CASARES




Adrio Menéndez no seu libro *Del Orense antiguo* di que, nos seus tempos mozos, don Xan da Cova foi o que entón se chamaba na boa sociedade «un pollo bien», e que como tal aparece en varias actas do Liceo dos anos 1853 e seguintes, cando nos bailes e os saraos ocupaba postos de honor en comisións de adorno e recepción. [...] e fala del con agarimo, destacando a súa bondade e o seu fondo inmaculado, que o situaban, polo que respecta á maneira de razoar, no pleno disfrute dunha eterna primavera... E do encabalgamento pasou ás palabras inventadas, desprovistas de calquera significado aparente. [...] E o trampitán vai ser o estadio final. Neste acaban as angustias que provocaban no poeta as resistencias que lle presentaba a rima. É o triunfo da liberdade creadora e a ruptura coa lóxica e as convencións da literatura pechada no círculo coutante do sentido.


*Tropis do trapoli tras
pribos do trapoto tran.
As estripes petrolatras
¡to! tan tro pois apololatras
do trapoli do titán*

(«Evocación de Xan da Cova»,
en *Juan de la Cova y Gómez*,
1999)



Juan de la Cova (Ourense, 1829-1899)





Dialogo coa obra

Localización: Rúa Arcediagos

Ilustrísima e a recreación
literaturizada dos espazos urbanos.






11


ROTEIRO CARLOS CASARES

Para saír, elixiu Ilustrísima sotana sen cordón de calabrote, dulleta de merino, tella normal e zapatos sen fibela. Pensou que deste xeito podería pasar ben sen ser recoñecido. Despois baixou rápido polas escaleiras do patio interior, atravesou este cara á corte dos cabalos, abriu a porta de servizo do cocheiro, mirou con tento para ver se había fóra xente coñecida e saíu á Rúa de Arcedianos. Na entrada da catedral estaban de palique algunhas sotanas que o medo a ser descuberto e a distancia non lle permitiron identificar.

(*Ilustrísima*, 1980)



Escaleiras da Catedral sobre a rúa Arcediagos



Dialogo coa obra

Localización: Esquina Rúa da Paz, Latino.

Unha cidade de escritores: autores, obras, cenáculos...

CC coñecedor fondo da memoria literaria da cidade, directamente, por lembranzas prestadas e por esculcas.

Ourense en Ourense de auga e pedra, a mellor evocación dese mundo literario. Colaboración con Manuel Sendón, fotógrafo.



12

ROTEIRO CARLOS CASARES

Pensemos nun triángulo imaxinario que se estendese no pequeno espazo comprendido entre a Praza do Ferro, a Rúa da Paz e a Rúa de Lepanto. Os vértices estarían marcados por tres edificios de pedra de gra, máis ben modestos, cativa manifestación arquitectónica dunha pequena burguesía con rendas no campo e empregos na administración ou o exercicio de profesións liberais, cando non na dedicación ao pequeno comercio. Pouca cousa. Nese breve núcleo urbano non superior a unha hectárea, nun período de tempo de pouco máis de dez anos, entre 1884 e 1897, naceron un grupo de escritores ós cales Ourense lles debe, en boa parte, a súa imaxe de urbe culta e literaria: a mítica Auria ou Oria da literatura galega. Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco viñeron ao mundo na Rúa da Paz, que antes se chamaba dos Zapateiros; Eduardo Blanco Amor, na de Lepanto, case na porta da catedral, que anos máis tarde lle ía inspirar a novela titulada *La Catedral y el niño*. Florentino L. Cuevillas, aínda que naceu na Rúa do Progreso, a uns centos de metros daquel lugar, viviu practicamente toda a súa vida na Praza do Ferro. Neste barrio foron nenos.



Otero



Risco







Cuevillas



Blanco Amor

(«Ourense» en *Ourense de auga e pedra*, 1990)





Dialogo coa obra

Localización: Rúa da Paz, casa Risco e Otero

As biografías de Nós: Vicente Risco e Otero Pedrayo.

As conversas de *Grial*: Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Blanco Amor. A memoria de Ramón Piñeiro.

Victor Freixanes, *Unha ducia de Galegos*.

A transmisión da memoria prestada nos setenta.




ROTEIRO CARLOS CASARES




13


A Galicia ideal de Otero, e isto non deixa de ser un paradoxo nun home que ao longo da súa vida foi esencialmente un liberal, é a Galicia anterior ao liberalismo. Non obstante, o paradoxo redúcese se pensamos que ademais de ser un liberal, Otero foi tamén un romántico e que como romántico, tardío e atípico, a súa paixón histórica non foi tanto a Idade Media, na que inevitablemente centrou unha das súas novelas, como o século XIX, sobre todo na etapa en que a sociedade dos señores aínda brillaba de seu, lonxe dos embates e dentadas de comerciantes e burgueses, e cando as comunicacións viarias non transformaran aínda a economía natural en economía comercial, nin introduciran alteracións no vivir sosegado da aldea, sometida ritmos e ciclos naturais vellos de séculos.

(Otero Pedrayo, 1977)



Ramon Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976)





Dialogo coa obra

Localización: Esquina Santo Domingo-Cardenal Quiroga

A importancia de Ramón Piñeiro na súa vida. Biografía

Galaxia, Parlamento Galego, a Lei de Normalización Lingüística, O Consello da Cultura.

O cardeal Quiroga e os cregos galeguistas. A anécdota oteriana.



14




ROTEIRO CARLOS CASARES


Un día, segundo me contou Ramón Piñeiro, don Ramón Otero Pedrayo, que daquela rexentaba unha cátedra de Xeografía na universidade de Santiago, presentouse no pazo episcopal de Compostela para visitar ao cardeal Quiroga, de quen era bo amigo desde os tempos afastados nos que este último exercía como párroco de Santo Domingo, no centro de Ourense. A visita, polo tanto, non tiña nada de cousa extraordinaria. Como noutras ocasións, o prelado e o escritor recordaron vellas historias, tomaron café e botaron un pito. Polo visto, ao cardeal chamoulle a atención o nerviosismo de Otero, que non conseguía centrarse na conversa, como se estivese preocupado. Ata que de súpeto, coas meixelas inflamadas, don Ramón dixo que quería ser oído en confesión, pois cometera un pecado gravísimo. Non ha ser difícil imaxinar o susto do cardeal. Sen máis rodeos, Otero explicoulle que entrara no convento de clausura das monxas de San Paio facéndose pasar por un médico alemán que acompañaba ao verdadeiro doutor titular. A reacción do cardeal consistiu en botar unha gargallada chea de saúde e de graza...

(«Un pecado...», Á marxe, *La Voz de Galicia*, 23 de marzo de 1995)



Ramón Piñeiro e Otero Pedrayo en Trasalba





Dialogo coa obra

Localización: Rúa Lepanto. Casa natal (?) de EBA

A fluída relación con EBA no medio da súa soidade no paraíso soñado.

Traballos de colaboración de artistas plásticos e literatos.

Vicente Risco - Conde Corbal

Otero Pedrayo - Xaime Quessada

Carlos Casares – Siro.







15

ROTEIRO CARLOS CASARES

Eduardo Blanco Amor é ourensán, pero de neno emigrou á Arxentina e viviu alí durante máis de corenta e cinco anos, en flor de popularidade. Cando volveu traía algúns libros importantes na maleta. Por exemplo *La catedral y el niño* e *A Esmorga*. [...] Pero cando voltou de Buenos Aires, a Eduardo non o coñecía case ninguén na súa cidade. [...] De todos xeitos, coñecido ou non polo grande público [...] Blanco Amor é unha das grandes figuras con que conta a literatura galega contemporánea. [...] E quizais un día, Eduardo, acabará alegrando a todos cun libro que nunca escribiu pero que inconscientemente vai esfiañando pouco a pouco nas tertulias que fai ás veces cos amigos: a súa historia de escritor vivindo entre escritores. El foi amigo de García Lorca, por exemplo, a quen lle lía versos de Pondal, que acendían o entusiasmo contagioso do poeta granadino: «¡Fantástico! ¡Maravilloso! Pero, ¿Dónde estaba este poeta?» Tamén é amigo de Alberti. Ogallá non se perda esta que sería unha extraordinaria crónica.

(«Con esta Lupa», sección en colaboración con Siro López, en *La Región*, 6 de maio de 1973)





Dialogo coa obra

Localización: Rúa Lepanto.

Xoguetes para un tempo prohibido. A novela autobiográfica da mocidade entre o seminario e a Universidade.

Os 25 anos de Galaxia.

A dedicación á xestión cultural.

As viaxes, a cara amable do galeguismo.






ROTEIRO CARLOS CASARES


16

E entón botaron un trote e o Parranda dicíalle a don Nemesio: «Vaise acabar o tempo dos caciques». E don Nemesio: «¿E quen lles vai cavar a cova?» E o Parranda: «Sobran sachos». Pero a cousa viña de atrás, de cando don Nemesio fora alcalde e prohibira que cantasen os carros pola vila e o Parranda dicía que os carros habían cantar por riba de todo, e que se os do Concello tiñan os ouvidos delicados, que lles botasen cera, que nunca se vira un carro silencioso e non se había ver mentres o Parranda vivise...

(*Xoguetes para un tempo prohibido*, 1975)



Ourense, porta norte da Catedral, ca. 1920



Dialogo coa obra

Localización: Praza do Trigo

Deus sentado nun sillón azul, a novela da dúbida risquiana no escenario da posguerra.

A desfeita da guerra cos ollos do tempo e da alma.







ROTEIRO CARLOS CASARES


Foi Antonio Salgado París a persoa que evitou que aquela noite na cidade se vivise unha traxedia, enfrontándose con valentía ao grupo de exaltados que se dispuñan a plantarlle lume á catedral coas beatas dentro, e, como eles mesmos dicían, pilladas as infelices das devotas no momento en que se celebraba unha novena para pedirlle ao Santo Cristo a conversión das persoas que estaban levando o país polo camiño do pecado. Subido no alto da fonte da Praza do Trigo, Antonio Salgado París conseguiu calmar a aqueles homes, moitos dos cales se lle arrepxeron...

(Deus sentado nun sillón azul, 1996)



Praza do Trigo, ca. 1920





Dialogo coa obra

Localización: Praza Maior

Deus sentado nun sillón azul,

A continuación da vida cotiá no medio da voráxine dos tempos.

A Praza Maior, corazón da cidade.

O espolón pedraiano, Xaque mate
XLMF



18




ROTEIRO CARLOS CASARES


Poucos minutos despois, cruzando a Praza Maior, ela pensou que a calor do día resultaba abafante e buscou con ansiedade a sombra dos soportais do Espolón. As terrazas dos cafés estaban cheas de xente e diante da escalinata da Casa do Concello, un grupiño de nenos que tiñan pintada unha raiola sobre o pavimento de pedra xogaban baixo a vixilancia pouco dilixente de catro criadas vestidas de uniforme que falaban entre elas. Na esquina da catedral observou a dous cóengos, un deles coas mans metidas nos petos da sotana e o outro fumando un pito de forma discreta, como se pretendese evitar que o visen desde as terrazas da praza.

(Deus sentado nun sillón azul, 1996)



Praza Maior, ca. 1920





Dialogo coa obra

Localización: Seminario Menor.

Os seus anos do seminario. 1952-58

A aprendizaxe da literatura. A influencia dos profesores, Agustín Madarnás.

As lembranzas dos amigos.






ROTEIRO CARLOS CASARES


Na familia materna de Carlos abundaban as vocacións eclesiásticas. E a propia nai de Carlos, Manolita, era unha muller que vivía con moita intensidade o seu catolicismo. Francisco Casares, en cambio, que era home de ideais liberais e temple máis escéptico, non se sentiu entusiasmado coa decisión materna de enviar a Carlos a estudar ao Seminario de Ourense, no que ingresou en 1952 e onde estivo ata 1958. Foi alí onde o seu destino literario comezou a manifestarse. Carlos publicou no Seminario un periódico chamado *El Averno* do que, segundo declararía máis tarde, era «director e único redactor». O contacto cun profesor de literatura, don Agustín Madarnás, foi decisivo no afianzamento da súa vocación de escritor.

Damián Villalaín, en *Carlos Casares, os amigos, as imaxes, as palabras*, 2004



Carlos con seu pai, pouco antes de entrar no Seminario





Dialogo coa obra

Localización: Beiro.

O sol do verán, a novela póstuma.

O can Rin e o lobo Crispín (1983)

O seu tío Xosé, crego en Beiro 1935-81
(a quen dedica *Ilustrísima*)

Veráns na rectoral, Pazo dos Camarasa



20




ROTEIRO CARLOS CASARES


Na carpeta negra das fotos que estiven clasificando onte na biblioteca da casa de Beiro, metidas nun sobre branco rotulado coa palabra «Fotos» escrita en letra encarnada, hai sete fotografías nas que aparece Carlos. Nunha delas non debe ter máis de trece anos. É un rapaz guapísimo, de pelo claro, vestido cunha camisa de manga curta e un xersei colocado sobre os ombros, sen vestir. Está falando coa persoa que dispara a cámara, quizais o meu pai, gastándolle unha broma ou dicíndolle algunha gracia, pois ademais da boca aberta, cunha das mans fai un xesto cómico, como de paso de baile, mentres mantén a outra na cintura, nunha posición que pretende ser provocadora e feminina. Pola parte de atrás, escrito a lapis, coa letra inconfundible pequena e redonda, da miña nai, por «Carlitos facendo o ganso, na horta da casa de Beiro. Verán de 1954».

(*O sol do verán*, 2002)



Igrexa e reitoral de Beiro






Os folletos

DIAN A5, 24 páxinas,

Suxestións de diálogo

Placas íntegras

Capa



Presentacións

É para min unha inmensa satisfacción presentarllos este percorrido pola vida e obra de Carlos Casares, un dos escritores que máis contribuíu a elevar a Ourense á categoría de capital da literatura galega. Casares é un punto de encontro entre sensibilidades distintas, unidas no amor á terra, á humanidade e á creación literaria. Foi un cidadán comprometido coas letras e co seu tempo, dende as súas épocas de estudante no Seminario de Ourense e na Universidade de Santiago ata os anos de docencia en Viana, Cangas ou Vigo, dende a dirección de Galaxia ao Parlamento ou a Presidencia do Consello da Cultura Galega. E sempre foi fiel á cidade na que naceu, ás súas raíces locais, á súa familia, aos seus amigos. Casares era figura habitual polo Paseo e aínda que nas últimas décadas non vivía entre nós, seguramente foi o escritor que máis veces evocou historias de Ourense nos seus artigos, pois xunto á súa actividade como creador literario estaba o seu labor de investigador sobre a historia cultural da cidade, das súas persoas e tempos.

Este roteiro, Casares e Ourense, facilitará que cidadáns e amigos, alumnos e alumnas de toda Galicia, teñan agora un novo motivo para achegarse a esta cidade de paixóns artísticas, a este universo literario onde eocan, xunto á de Carlos Casares, as voces de Lamas, Curros, Otero, Risco, Blanco Amor, Valente e tantos outros. Vinde a Ourense, a vosa cidade literaria.

Xesús Vázquez Abad
Alcalde de Ourense

Este ano Galicia está a celebrar a vida e obra dun dos nosos grandes referentes culturais de todos os tempos, Carlos Casares. Brillante novelista, biógrafo, xornalista, profesor, editor, sector cultural, político e membro da Real Academia Galega, os méritos de Carlos Casares semellan case inabarcables.

Durante todo este ano abondosos especialistas e coñecedores da nosa literatura glosarán extensamente toda a súa traxectoria e haberá multitude de actividades para divulgar a este narrador excoito que, ademais, recuperou a mellor tradición do cavilar semado que nos é propio aos galegos, iluminando en seu xenio o lado humano en cada historia.

Para isto, unha das primeiras iniciativas concibidas foi o *Roteiro Carlos Casares*. Trátase dunha oportunidade para atoparse con Casares a pé de rúa, para dialogar con el e coñecer mellor as motivacións, alicances e historia persoal do protagonista das Letras Galegas.

Este roteiro supón unha oportunidade única de aproximármolos e coñecer mellor as paixóns literarias e vitais ourensás asociadas a Casares. Unha viaxe pola realidade e a ficción que xa forma parte, como a iniciativa de mérito que é, da estratexia para o desenvolvemento local de Ourense, a Alzinas galega para os devanceiros, baseado no coñecemento, na cultura e na intelixencia.

Pedro Rodríguez González
Conseilleiro de Cultura, Educación e O.U.

1

Os inicios de Carlos Casares como escritor en Ourense, as tertulias, os artistas. A amizade con Vicente Risco.
Un país de palabras, ensaios memorialísticos.

Era daquela Vicente un vellito pequeno e cego, miúdo de corpo, case octoxenariano, aínda que mentalmente moi lúcido. Polas tardes, a iso das tres, chegaba ao Café Parque de Ourense, onde tiña a súa tertulia nos últimos anos da súa vida. [...] Como en todas as reunións informais destas características, os temas das conversacións eran moi variados. Había quizais unha tendencia acusada a falar de arte, debido á presenza nutrida de pintores e escultores que escitaban a Risco con atención, pois era moi aberto e sentía curiosidade por calquera tendencia experimental ou renovadora, ademais de que coñecía moi ben a historia da arte moderna.

(*Un país de palabras*, 1998)



Tertulia de Vicente Risco no Hotel Parque

2


Carlos Casares (Ourense, 24/6/1903 - Vigo, 6/2/2002). A familia entre Ourense, a Lúa e Castro de Beim. Vida en Ourense, Cangas, Vigo, Nigrán. Suecia ao fondo. A importancia da prensa na súa comunicación co público. Inicios en *La Región*.

Hai uns meses, en Suecia, a miña muller e os seus pais planearon unha fin de semana na Unión Soviética (concretamente en Leningrado) que por culpa miña non puideron realizar. Cando xa estaba todo a punto e faltaban só unhas horas para ir ao aeroporto, eu dixen que non ía, ou mellor dito, que non podía ir. Ao principio creeron que se trataba dunha broma ou algo semellante, pero en canto insistín enerxicamente, déronse conta de que a cousa ía en serio. De repente, lembrara que no meu pasaporte especificaba a súa validez para todos os países do mundo excepto para a URSS e algúns máis. Fixenlles saber o feito e como non mo crían, tivénlle que amosar a páxina correspondente [...].

(«Los subdesarrollados europeos», *La Región*, 9 de xuño de 1972)



Con Cristina Berg, no Magosto de Ourense, 1973



Plano

Agradecimentos

19

Unha familia materna moi rebotosa: os anos do seminario, 1952-58.
Unha experiencia, dura e enriquecedora. O manterio da literatura de Agustín Madarnás. As primeiras aventuras literarias.

Na familia materna de Carlos abundaban as vocacións eclesíasticas. E a propia nai de Carlos, Manolita, era unha muller que vivía con moita intensidade o seu catolicismo. Francisco Casares, en cambio, que era home de ideais liberais e temple máis escéptico, non se sentía entusiasmado coa decisión materna de enviar a Carlos a estudar ao Seminario de Ourense, no que ingresou en 1952 e onde estivo ata 1958.

Foi alí onde o seu destino literario comezou a manifestarse. Carlos publicou no Seminario un periódico chamado *El Averno* do que, segundo declararía máis tarde, era «director e único redactor». O contacto cun profesor de literatura, don Agustín Madarnás, foi decisivo no afianzamento da súa vocación de escritor.

Damián Villalain, en *Carlos Casares, os amigos, as imaxes, as palabras*, 2004



Carlos con seu pai, pouco antes de entrar no Seminario

20

A novela póstuma, premonitória.
O sol do verán. Beiro e o seu tio crego.
A voda con Cristina.

Na carpeta negra das fotos que estiven clasificando onte na biblioteca da casa de Beiro, metidas nun sobre branco rotulado coa palabra «Fotos» escrita en letra encarnada, hai sete fotografías nas que aparece Carlos. Nunha delas non debe ter máis de trece anos. É un rapaz guapísimo, de pelo claro, vestido cunha camisa de manga curta e un xersét colocado sobre os ombros, sen vestir. Está falando coa persoa que dispara a cámara, quizais o meu pai, gastándolle unha broma ou dicéndolle algunha gracia, pois ademais da boca aberta, cunha das mans fai un xesto cómico, como de paso de baile, mentres mantén a outra na cintura, nunha posición que pretende ser provocadora e feminina. Pola parte de atrás, escrito a lapis, coa letra inconfundible pequena e redonda, da miña nai, por «Carlitos facendo o ganso, na horta da casa de Beiro. Verán de 1954».

(*O sol do verán*, 2002)



Igrexa e reitoral de Beiro

PERCORRIDO



17 Seminario Menor A Inmaculada
20 Igrexa e reitoral de Beiro



Agradecimentos ás seguintes persoas e entidades, a súa colaboración para a elaboración do presente roteiro:

- Selo López
- Biblioteca da Deputación de Ourense
- El Correo Gallego
- Fundación Correo Eslavico
- Fundación Ouren Pedregal
- Fundación Vicente Risco
- La Región
- La Voz de Galicia
- Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Fonte: Concello de Ourense / FGA e elaboracións de: Adrián Viqueiro Mosquera / seminario Carlos Casares

Agradecementos:

La Región, La Voz de Galicia, Correo Gallego, Editorial Galaxia, Biblioteca da Deputación Provincial, Siro López, Fundación Vicente Risco, Fundación Otero Pedrayo, Fundación Curros Enríquez, Museo Arqueolóxico Provincial, e Miguelanxo Carvalho de **Blau** estudio.



Elaboración do roteiro **Afonso Vázquez-Monxardín Fernández**
OURENSE
Xaneiro 2017